



Eleccións ao Consello escolar, ano 2021 (adiadas do 2020).

Calendario do proceso electoral.

Tendo en conta o Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario, modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril, e o Decreto 324/1996, do 26 de xullo e a RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos., apróbanse as seguintes datas:

- **15 de outubro.**
 - Publicación na páxina web do centro (www.iesaxunqueira2.com) de toda a información sobre este procedemento.
 - Publicación na páxina web do centro (www.iesaxunqueira2.com) a data e hora na que se procederá ao sorteo público para a designación dos membros da xunta electoral.
 - (Artigo 30 do Decreto 92/1988 segundo redacción dada polo Decreto 324/1994; DOG do 9 de agosto)
 - Envío de circular a través do abalarMóbil a toda a comunidade educativa anunciando o inicio de procedemento e o devandito sorteo. (tamén para o período de candidaturas, de campaña electoral, día da votación e constitución do novo Consello escolar)
- **22 de outubro, ás 11:00 horas.**
 - Sorteo público para a designación dos membros da xunta electoral, titulares e suplentes.
 - Segundo o resultado anterior, envío da notificación para a constitución da xunta electoral.
- **4 de novembro, ás 11:20 horas.**
 - Primeira reunión ordinaria da xunta electoral:
 - Acto de constitución.
 - Aprobación do calendario electoral.
 - Publicación de toda a documentación referente a este procedemento (convocatorias, censos electorais provisionais, impresos, actas...) na páxina web do centro.
 - Aprobación do impreso de candidatura.
 - Escrito ao Concello e a ANPA solicitando a designación dos seus representantes.
 - Convocatoria para a celebración da segunda reunión da xunta electoral.
- **Do 5 ao 12 de novembro, de 9 a 14 horas.**
 - Prazo de presentación de candidaturas aos distintos sectores na secretaría do centro.
 - Prazo de reclamacións aos censos provisionais.
- **15 de novembro, ás 11:20 horas.**
 - Segunda reunión ordinaria da xunta electoral:
 - Admisión, proclamación e publicación de candidaturas.
 - Aprobación dos censos electorais definitivos e de modelo de papeletas, sobres...
 - Sorteo público para a designación dos membros das mesas electorais.
 - Prazo das campañas electorais dos distintos sectores.
 - Citacións para a constitución das distintas mesas electorais.
 - Convocatoria para a terceira e última reunión ordinaria da xunta electoral.
 - Envío de convocatoria de reunión extraordinaria de claustro informativo. (Art. 35 do Decreto 92/1988).





- **Do 16 ao 24 de novembro, ámbolos dous incluídos.**
 - Campañas electorais dos distintos sectores.
- **17 de novembro, no 2º período de lecer.**
 - Reunión informativa de claustro de profesorado.
 - Lectura de normas.
 - Relación de candidaturas.
 - Convocatoria de reunión extraordinaria de claustro.
 - Envío da convocatoria de reunión de claustro extraordinario de votación a celebrar o día 25.
- **25 de novembro. (votacións)**
 - Alumnado (3 vacantes) → Pola mañá durante as clases.
 - 2 con mandato de 3 anos e 2 suplentes.
 - 1 con mandato de 1 ano e 1 suplente.
 - Profesorado (7 vacantes) → Reunión extraordinaria de claustro de profesorado, no 2º período de lecer.
 - 4 con mandato de 3 anos e 4 suplentes.
 - 3 con mandato de 1 ano e 3 suplentes.
 - ~~○ Personal de administración e servizos (0 vacantes) → Pola tarde, entre as 14 e as 15 horas.~~
 - ~~○ Responsables de alumnado (0 vacantes) → Pola tarde, entre as 18:30 e 20:30 horas.~~
- **29 de novembro, ás 11:20 horas.**
 - Terceira e última reunión ordinaria da xunta electoral:
 - Proclamación e publicación de persoas candidatas electas.
 - Traslado das actas das mesas electorais ao titular da xefatura territorial.
 - Envío de convocatoria de reunión extraordinaria de Consello escolar para a nova constitución do mesmo. (Artigo 52 do Decreto 92/1988)
- **2 de decembro.**
 - Celebración de reunión do novo Consello escolar:
 - Constitución do mesmo.
 - Designación dos membros que van a constituír as distintas comisións. (Económica, Convivencia, biblioteca e de seguimento do estado das instalacións)
 - Designación da persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. (Art. 126.2 da LOE).
- **Antes do 17 de decembro.**
 - Envío á xefatura territorial do formulario que se publica como anexo I na resolución que regula este procedemento para o presente curso escolar.

Pontevedra, 04 de Novembro de 2021.

Asdo.: O presidente da xunta electoral.

D. Juan Carlos Pérez Mestre.